

III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

CONCELLO DE PONTECESURES



 **DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**

2022 / 2026

III

PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

ENTRE MULLERES E HOMES

CONCELLO DE PONTECESURES

2022-2026

INTRODUCCIÓN.....	1
MARCO NORMATIVO.....	4
LEXISLACIÓN.....	6
ANTECEDENTES.....	12
METODOLOGÍA.....	15
A REALIDADE SOCIAL EN CIFRAS.....	17
EIXO 1. INSTITUCIONAL.....	22
EIXO 2. PARTICIPACIÓN CIDADADÁ.....	27
EIXO 3. VIOLENCIA DE XÉNERO.....	31
EIXO 4. BENESTAR.....	35
EIXO 5. EDUCACIÓN.....	40
EIXO 6. EMPREGO E CONCILIACIÓN.....	46
EIXO 7. DIVERSIDADE.....	52
PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN.....	55

I. INTRODUCCIÓN

Un dos fundamentos básicos que permite o desenvolvemento dunha sociedade tolerante, libre, empática, xusta, democrática e solidaria é a igualdade de tódalas mulleres e homes da nosa sociedade.

A introdución da perspectiva de xénero nas políticas públicas recoñece a sociedade como heteroxénea ao igual que as súas demandas e necesidades e tamén o papel de mulleres e homes como suxeitos activos no desenvolvemento local. Esta perspectiva, aporta unha nova maneira de enfocar os problemas, necesidades e demandas tentando conxugar eficiencia e benestar, inclusión e diversidade, buscando respostas que apunten a mellora da calidade de vida da comunidade local.

Se a vontade da administración de traballar a favor da igualdade é imprescindible, non o é menos a colaboración cos distintos axentes sociais que proporcionan o coñecemento sobre a realidade dos distintos colectivos e a participación cidadá como garantía do correcto deseño de accións que realmente atendan as demandas xurdidas entre a cidadanía.

A violencia de xénero é a punta do iceberg dunha serie de comportamentos machistas que comezan con situacións de desigualdade, moitas delas invisibles. Unha violencia que adoita ter moitos formatos, que se manifesta en diferentes contextos, espazos, situacións, que afectan a mulleres de diferentes idades, condicións socioeconómicas e culturais.

A presenza das mulleres nas últimas décadas en todos os ámbitos da vida é un feito significativo e indiscutible. Con todo, as desigualdades de xénero que se perpetúan ao longo da historia, seguen a asentarse na nosa sociedade, relegando ás mulleres dos espazos públicos, das actuacións colectivas, das decisións políticas...; impedindo a súa visibilidade e o seu recoñecemento social ou situándoas simplemente nunha posición de desvantaxe e/ou inferioridade.

Recoñecer que existe a desigualdade é o primeiro paso para a loita contra a violencia de xénero. Se non aceptamos e observamos a sociedade dende o punto de vista da igualdade entre mulleres e homes, non seremos quen de acabar coas violencias machistas. Unhas violencias cada vez máis complexas, con máis matices que son reflexo duna sociedade diversa e cambiante, na que a tecnoloxía ten un papel relevante.

É responsabilidade da sociedade detectar estas situacións e facerlles fronte, e das administracións públicas ser referentes e impulsoras das políticas de igualdade. Accións encamiñadas á atención e á protección das vítimas pero tamén accións para que a sociedade sexa un elemento fundamental na detección e na loita contra a violencia. E para todo isto, é preciso sensibilizar, formar, debater e falar sobre estas situacións. Dicotir que aínda que estas accións deben comezar a idades temperás, tamén son moi necesarias na poboación adulta. En definitiva, é fundamental liderar accións para ir construíndo unha cidadanía sensibilizada e crítica.

Un plan de igualdade supón unha planificación social a futuro en tanto que pretende ter un impacto (planificado, medido e razoado) a nivel práctico que redunde nunha mellora da situación social das mulleres e dos homes.

A fórmula máis rigorosa e sistemática para incorporar o principio de igualdade consiste na realización de plans nos que se arbitren as actuacións adecuadas que favorezan a participación igualitaria de mulleres e homes en todas as estruturas de desenvolvemento municipal. De aí, a importancia e finalidade do **Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Pontecesures**. Este plan ten unha vixencia determinada 2022 - 2026, e está deseñado para estruturar as actuacións que se levaran a cabo en materia de igualdade buscando conseguir uns obxectivos de forma coherente e coordinada prestando atención as casuísticas e características propias do Concello de Pontecesures. O plan centrase na loita contra as desigualdades de xénero dende unha visión integral pero non só se prima a execución das actividades recollidas neste plan, senón que tamén ten como obxectivo a implicación da cidadanía e das institucións correspondentes co fin de crear unha cultura social baseada na igualdade e no respecto a todas as persoas.

Favorecer a igualdade de oportunidades en materia formativa, de emprego, no acceso a educación, cultura e deporte impulsando medidas que favorezan a conciliación e a corresponsabilidade, así como a saúde, a calidade de vida e o benestar e procurar unha conciencia social de prevención, sensibilización e tratamento das violencias contra as mulleres, son os principais eixos que vertebran o plan.

Os fundamentos do **Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Pontecesures** constrúense sobre os seguintes piares:

- ❖ **A executabilidade sincronizada**, o plan planifícase para un cuatrienio esta regulamentación enlaza cun segundo fundamento, o da estruturalidade e normativización, como garantías da execución correcta do plan por medio da regulamentación orgánica do mesmo, establecida no presente documento e que indica os órganos competentes en cada campo.
- ❖ **A integralidade e transversalidade**, garantida polo servizos sociais do concello Pontecesures, como equipos transversalizados de cada unha das accións do plan.
- ❖ **A especialización nas accións** concretas e inscritas nos recursos xenéricos do concello, a mediación, seguimento e avaliación sistémica do plan, por medio de indicadores de carácter cuantitativo e cualitativo que dean conta do grao de cumprimento dos obxectivos agardados.
- ❖ **A visibilidade e a accesibilidade do plan** para todas as persoas implicadas directa ou indirectamente no seu desenvolvemento, explicando as unidades técnicas asignadas para este fin, e definindo normativamente os espazos de participación dos distintos axentes sociais.
- ❖ **A igualdade e perspectiva de xénero** implica introducir unha mirada das diferenzas existentes, entre mulleres e homes, en calquera actividade ou ámbito de actuación, coa finalidade de interpretar e construír a realidade dende o coñecemento das desigualdades e contribuír ao desenvolvemento de propostas destinadas á redución das mesmas.
- ❖ **A trasnversalidade** obriga aos poderes públicos a ir máis alá da acción concreta e a actuar coordinadamente entre si, situando o obxecto da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no centro das actuacións.
- ❖ **A atención a diversidade** e as múltiples situacións e experiencias das persoas que compoñen os elementos que orixinan a propia pluralidade social, pero tamén poden ocasionar, determinar e agravar as situacións de desigualdade que se producen entre os seres humanos.
- ❖ **A innovación** engade unha perspectiva que recoñece e avala a importancia de incorporar cambios nos procesos de actuación, nas estruturas e nos valores organizativos relacionados coa igualdade de xénero.

- ❖ **A xustiza social** considerando a liberdade, a xustiza e a paz como dereitos humanos básicos, polo que é de recibo poñer en funcionamento medidas específicas con vistas a alcanzar a eliminación dos prexuízos que estean baseados na idea de inferioridade e discriminación da muller.

II. MARCO NORMATIVO

Un Plan que aborde a necesidade de corrección das desigualdades entre mulleres e homes ten que adecuarse na súa elaboración á realidade da sociedade ou sector no que se pretende implantar e debe considerar as políticas e normas en materia de igualdade que foron emanadas por outros organismos de carácter tanto internacional como estatal ou autonómico. Así mesmo, e en relación ás normas legais, o principio de igualdade sitúase hoxe no centro de todas as políticas e así se reflicte na normativa derivada por distintos organismos, fundamentalmente estatais e galegos, normas que obviamente son de obrigado cumprimento.

É preciso citar as planificacións e normas máis salientables nos ámbitos comunitario, estatal e autonómico, co obxecto de que sirvan de referencia prioritaria na elaboración e implantación do Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes de Pontecesures.

Dentro das planificacións estratéxicas en materia de igualdade a nivel comunitario está en vigor a estratexia Europea 2020-2025.

VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres (2017-2020).

As áreas temáticas de cada eixo neste plan son as seguintes:

Eixo 1: Institucional.

En relación a este eixo, a redacción e execución do Plan de Igualdade de Pontecesures está incardinada na mellora da forma de goberno do Concello en termos de igualdade.

Eixo 2: Participación cidadá

Neste sentido, o Plan de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres de Pontecesures normativiza e aporta valores de congruencia interna e externa en toda a súa programación.

Eixo 3: Loita contra a violencia de xénero.

Promover actuacións de sensibilización, formación, prevención, detección e intervención en materia de violencia de xénero que contribúan á súa erradicación e á implicación de toda a cidadanía na loita contra este fenómeno nas súas distintas manifestacións.

Eixo 4: Benestar e calidade de vida.

Favorecer o benestar integral das mulleres , entendendo este como o benestar físico e psíquico, e a cobertura das súas necesidades, redundando na mellora da súa calidade de vida

Eixo 5: . Educación e igualdade de xénero

Potenciar as actuacións encamiñadas a introducir o principio de igualdade dende as idades máis temperás e en todos os procesos educativos, tanto formais coma non formais.

Eixo 6: Emprego e conciliación familiar.

Traballar a prol da igualdade no emprego, sensibilizando ao empresariado das vantaxes da igualdade e erradicando os estereotipos de xénero nesta materia.

Dende o Concello de Pontecesures véñense realizando numerosas actuacións en materia de conciliación que son apuntaladas normativamente no presente documento.

Eixo 7 : Atención á diversidade

Reforzar as actuacións dirixidas a mulleres pertencentes a colectivos en situación de especial vulnerabilidade, atendendo á súa diversidade

III. LEXISLACIÓN

Na elaboración deste Plan recolléronse algúns dos principais fitos normativos en materia de igualdade de oportunidades a nivel internacional, europeo, nacional e autonómico.

Os métodos e ferramentas para a implementación do principio de igualdade están recollidos na normativa e lexislación da que a nivel internacional, europeo, estatal e autonómico se dispón nesta materia.

Co amparo permanente da Constitución Española de 1978, que no seu artigo 14 determina que os españois e as españolas son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social no marco lexislativo estatal e autonómico cómpre destacar as seguintes normas.

No plano normativo, hai que destacar o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, quedan expresamente derogadas.

Estas normas derogadas son:

- ❖ A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
- ❖ A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- ❖ A Lei 7/2010, do 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Pola súa relevancia e a especificidade que supón o tratamento lexislativo da violencia de xénero, permanece vixente a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia, se ben o citado Decreto lexislativo 2/2015 derroga tamén expresamente as disposicións adicionais quinta e sétima da dita lei, relativas ao Consello

Galego das Mulleres e á Comisión Interdepartamental da Igualdade, que se integran no novo texto.

- ❖ Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.

Todas elas contribuíron a dotar de lexitimidade normativa ás políticas de igualdade, a dar resposta ás demandas da sociedade e a definir e delimitar as distintas ferramentas das que tanto a administración coma a cidadanía dispoñen para combater a desigualdade de xénero.

É evidente o impacto positivo sobre a igualdade de xénero das medidas contempladas na lexislación tales como a intervención e recursos en materia de violencia de xénero, a loita contra as discriminacións directas e indirectas, as cotas de representación, as accións positivas, as medidas de conciliación, os plans de igualdade, os permisos por maternidade e un longo etcétera.

As ferramentas expostas, tanto técnicas como legislativas, desenvólvense na redacción deste plan de igualdade. Estas leis son aceptadas tanto por entidades públicas como por entidades privadas.

NIVEL INTERNACIONAL

O impulso das Nacións Unidas provocou a irrupción das políticas de igualdade na maior parte dos organismos internacionais e dos estados membros.

Carta das Nacións Unidas (1945). Establece a igualdade de dereitos de mulleres e homes como principio básico.

- ❖ Declaración Universal dos Dereitos Humanos da ONU (1948). Manifesta: “toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamadas nesta Declaración, sen distinción algunha de raza, cor, sexo, etc.”.
- ❖ Convención das Nacións Unidas para a eliminación de todas as formas de discriminación contra as mulleres (CEDAW, 1979).

- ❖ IV Conferencia Mundial das Nacións Unidas sobre as Mulleres celebrada en Beijing (1995).
- ❖ Convenios da Organización Internacional do Traballo (OIT) sobre a discriminación no emprego e ocupación (1958), persoas traballadoras con responsabilidades familiares (1981), protección á maternidade (2000).

NIVEL EUROPEO

- ❖ Tratados de Ámsterdam (1997) e de Lisboa (2009).
- ❖ Recomendación da Comisión, 27-XI-91 relativa á protección da dignidade das mulleres e homes no posto de traballo. Código de Conduta para combater o acoso sexual.
- ❖ Recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa en materia de utilización non sexista da linguaxe, en virtude do artigo 15. b do estatuto do Consello de Europa, aprobado a 21 de febreiro de 1990.
- ❖ Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, 23-IX-02, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes no acceso ao emprego, formación, promoción profesional e nas condicións de traballo.
- ❖ Instrumento de ratificación do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, feito en Istambul o 11 de maio de 2011.
- ❖ Informe da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións, de 22 de febreiro de 2006, sobre a igualdade entre homes e mulleres.
- ❖ Recomendacións do Consello Europeo de Lisboa, 2006.

- ❖ Directiva europea 2006/54 relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación.
- ❖ Recomendación do Comité de Ministros sobre a protección das mulleres contra a violencia.
- ❖ Programas de acción comunitarios para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Estratexia Europea 2020 - 2025

NIVEL ESTATAL

A violencia contra as mulleres constitúe unha vulneración dos dereitos humanos e liberdades fundamentais sendo a manifestación máis extrema do sexismo. A desigualdade causada polas relacións de poder historicamente desiguais entre mulleres e homes, impide a efectiva realización da igualdade e o pleno avance das mulleres.

A súa erradicación xunto coa atención, protección e recuperación das súas vítimas son unha prioridade do Goberno, un elemento central do Estado Social e Democrático de Dereito, que cumpre cos compromisos internacionais asumidos por España.

- ❖ Constitución Española, 1978. Artigos 14. e 9.2.
- ❖ Lei 39/1999, de 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras.
- ❖ Lei Orgánica 1/2004, 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- ❖ Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- ❖ Real Decreto-Lei 12/2020, do 31 de marzo, de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero
- ❖ Documento refundido de medidas do pacto de estado en materia de violencia de xénero. Congreso + Senado. 13 de maio de 2019.
- ❖ Real Decreto 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes.

- ❖ Real Decreto 203/2010, do 26 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de prevención da violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.
- ❖ Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno.
- ❖ Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- ❖ Decreto lexislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- ❖ Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- ❖ Lei 14/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica a lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- ❖ Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

O 6 de xullo de 2021 aprobouse o proxecto de lei orgánica integral da liberdade sexual, isto supón un avance na protección integral das mulleres e no seu dereito a sentirse libres sexualmente, así como na erradicación de tódalas violencias sexuais.

NIVEL AUTONÓMICO

- ❖ Estatuto de autonomía de Galicia (1981) (art.4.1).

O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no seu artigo 4.2 que lles corresponde aos poderes públicos de Galicia promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, así como remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitaren a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, cultural e social.

- ❖ Lei 8/ 1989, do 15 de xuño, de delimitación e coordinación das competencias das Deputacións Provinciais de Galicia.

As Nacións Unidas recoñecen a violencia contra as mulleres como unha “manifestación das relacións de poder historicamente desiguais entre os sexos que, feito que impide o adianto

pleno das mulleres, pois a violencia é un dos mecanismos sociais para manter a súa situación de subordinación”.

Co obxectivo de remover as estruturas que causan e perpetúan esta situación, en Galicia temos a obriga de establecer os mecanismos legais e sociais que propicien un cambio real nas relacións de poder asimétricas entre homes e mulleres.

- ❖ Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril , de Estatuto de Autonomía para Galicia.
- ❖ Decreto lexislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- ❖ Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- ❖ Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- ❖ Lei 7/2010, do 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- ❖ Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.
- ❖ VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades 2017-2020

IV. ANTECEDENTES E AVALIACIÓN PREVIA

É importante dicir, que dende a finalización do anterior plan e a creación deste novo, vivimos unha pandemia mundial que está a deixar grandes dificultades sanitarias, económicas e sociais a nivel mundial o cal está a afectarnos a cada un de nós. A nivel social, esta crise a pesar de ser mundial, aquelas persoas que se ven maiormente afectadas son as mais vulnerables, entre elas, as mulleres.

Todo isto, deu lugar a un aumento de persoas usuarias dos servizos sociais e tamén o aumento da violencia de xénero e a fenda da desigualdade entre as mulleres e os homes dende o comezo da pandemia.

A violencia de xénero, debido ao confinamento aumentou de forma significativa segundo datos dos servizos de emerxencias que informaron de moitas chamadas de vítimas para obter información pero pola contra, descenderon o número de denuncias. Isto, é preocupante xa que ese descenso de denuncias, non é mais que o medo ás consecuencias que ocasionan, pois a realidade actual, fai que as mulleres estean a vivir estas situacións illadas e pechadas nas súas casas polo que se agocha unha realidade que por desgraza, cada vez é maior.

Outra realidade é o aumento das horas destinadas aos coidados ás familias, agora, as mulleres dedican máis horas ao coidado de fillos, netos e familiares dependentes, o que provoca outra situación de vulnerabilidade da muller, que deixa o seu traballo fóra para encargarse dos coidados. Isto, significa unha perda de poder económico e de autonomía, provocando así a súa dependencia de novo da súa parella o que desemboca nunha menor liberdade e un maior control por parte da figura masculina.

Esta crise tamén provocou o aumento de uso das tecnoloxías, algo que para aquelas mulleres dedicadas ao coidado dos fogares ou de zonas do rural, está sendo un obstáculo e provoca a chamada “fenda dixital de xénero”, moitas das mulleres teñen dificultades para o acceso a internet tanto para información, traballo ou xestión de trámites administrativos, o que volve ser motivo de dependencia de outras persoas para certas actividades, o cal está a ser outra situación de desigualdade que debemos atender para conseguir mudar.

Con todo isto, é salientable a necesidade de crear este novo Plan para recoller e dar resposta a todas as novas situacións que se deron nos últimos tempos, pero tamén é necesaria a


avaliación do plan anterior comprobando todo aquilo que se logrou e o que queda por seguir facendo, en busca da tan ansiada igualdade entre mulleres e homes.

Para crear este Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Pontecesures, tívose tamén en conta toda información obtida grazas a análise e avaliación do anterior Plan dos anos 2016 - 2021. Este, consta dun total de 38 accións, distribuídas dentro do Eixo Institucional e das seguintes áreas, que son Área II: “Área de Participación cidadá”, Área III: “Área de violencia de xénero en todas as súas manifestacións”, Área IV: “Área de benestar integral e calidade de vida”, Área V: “Área de igualdade no proceso educativo”, Área VI: “Área de emprego, conciliación e xestión dos tempos” e Área VII “Área de atención á diversidade”.


Despois de facer unha revisión de cada un dos puntos das áreas a través dunha análise cualitativa, coa testemuña e datos das persoas profesionais responsables de cada área neste concello, fíxose unha distinción entre aquelas accións que foron executadas e as que seguen en fase de realización.

A continuación preséntanse uns gráficos explicativos coas porcentaxes obtidas da análise e avaliación realizadas por cada área.

En primeiro lugar, móstranse as porcentaxes de accións propostas por cada área, sendo a II “Área de participación cidadá” a que maior número de accións se detallaron no plan, mentres que a VII “Área de atención á diversidade”, foi a que menos porcentaxe de accións tiña elaboradas.



O seguinte gráfico mostra, a porcentaxe de cumprimento da implantación de ditas actividades nas áreas.



Como se pode observar, as áreas onde hai un maior cumprimento das accións propostas son, as áreas III “Área de violencia de xénero en todas as súas manifestacións”, e V “Área de igualdade no proceso educativo”, mentres que a porcentaxe mais baixa, volve ser a da VII “Área de atención á diversidade”.

Polo tanto, tendo en conta toda esta análise e a avaliación final do Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Pontecesures, e con toda a información detallada, preséntase a metodoloxía do seguinte Plan , que se desenvolve a continuación.

V. METODOLOXÍA

É importante destacar que a primeira fase do procedemento metodolóxico que se leva a cabo neste Plan de Igualdade de oportunidade entre mulleres e homes do Concello de Pontecesures, ten en conta a participación de todos os axentes implicados no plan, como son as mulleres, homes e todas as persoas traballadoras do Concello de Pontecesures que poden axudar a ter unha visión fidedigna da realidade, situacións e necesidades existentes con respecto á igualdade.

Partimos dunha descrición actualizada da situación socioeconómica das mulleres e homes do Concello de Pontecesures, a nivel estatístico e baseada en datos secundarios, tras un proceso de recollida de datos e tratamento da información documental existente actualizada neste ano 2021.

Neste plan, o derradeiro nivel de traballo, confórmao a análise e a avaliación de resultados, dirixidas a detectar os avances que se lograron, pero tamén aquelas accións que non se executaron dentro do prazo establecido no plan anterior. Isto, o que vai a permitir é facilitar a planificación de futuras intervencións en aquelas áreas ou aspectos nos que os resultados non foron os esperados.

Tendo en conta este proceder metodolóxico, adaptaranse as distintas accións establecidas en cada área, posto que os eixos de acción están deseñados para que todas as persoas sexan suxeitos activos das dinámicas e actividades xa que como se dixo ao inicio, son as principais protagonistas na realización do novo plan e na realización dos diferentes cambios.

O que se busca é a transformación social, a participación e concienciación social local en materia de igualdade co fin de lograr así os obxectivos xerais que rexen este Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Pontecesures.

Destacar que a importancia da forma de proceder deste plan, é que busca poñer ao alcance de toda a poboación local deste concello, as ferramentas que lle permitan participar activamente naquelas actividades, propostas e actuacións levadas a cabo deixando de ser meros espectadores e facéndoos partícipes directos do cambio en esta materia e así, avanzar cara unha consolidación maior dos obxectivos perseguidos en cada área.

Como resumo, os puntos metodolóxicos que se seguirán son os seguintes:

- A participación de todos os axentes sociais, persoal e equipos multidisciplinares do Concello de Pontecesures que son os coñecedores das problemáticas existentes no concello.
- A análise e a avaliación de estatísticas vinculadas coa situación de xénero do Concello de Pontecesures actualizado ao ano 2021.
- A valoración e a análise das actividades dos anos anteriores que foron ou non realizadas, tendo en conta os resultados reflectidos da avaliación final do Plan de Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres do Concello de Pontecesures.
- A realización de enquisas á poboación local para obter unha maior información da situación actual en canto á igualdade de xénero.

VI. A REALIDADE SOCIAL DE PONTECESURES EN CIFRAS

Pontecesures

Pontecesures

Superficie 6,7 km²

SOCIEDADE E POBOACIÓN

Poboación	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Poboación total	3.053	1.504	1.549	2020	INE
de 0 a 20 anos	424	221	203	2020	INE
de 21 a 64 anos	2.075	1.036	1.039	2020	INE
de 65 e máis anos	554	247	307	2020	INE
Poboación estranxeira	52	22	30	2020	INE
Idade media	43,71	42,53	44,83	2020	IGE

Indicadores demográficos	Dato	Período	Fonte
Taxa bruta de natalidade (o/oo)	7,33	2019	IGE
Taxa bruta de mortalidade (o/oo)	8,99	2019	IGE
Índice de envellecemento	99,28	2020	IGE
Idade media á maternidade	32,36	2019	IGE
Número medio de fillos por muller	7,33	2019	IGE
Taxa bruta de nupcialidade (o/oo)	8,99	2019	IGE

Idade media ó primeiro matrimonio	Homes	Mulleres	Período	Fonte
	34,42	31,73	2016	IGE

Movements migratorios	Emigracións	Inmigracións	Período	Fonte
Á mesma provincia	41	40	2019	INE
A outra provincia	44	41	2019	INE
A outra comunidade	15	15	2019	INE
Estranxeiro	9	12	2019	INE

Paro rexistrado	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Por idade					
Total	241	90	150	2020	CT
menores de 25 anos	8	3	5	2020	CT
outras idades	233	88	145	2020	CT

Por sectores de actividad					
Agricultura	3	3	0	2020	CT
Industria	44	21	23	2020	CT
Construcción	11	11	0	2020	CT
Servizos	160	54	107	2020	CT
Sen emprego anterior	23	2	21	2020	CT

Alumnos matriculados no ensino non universitario en centros sostidos con fondos públicos	Dato	Período	Fonte
Educación infantil	53	2020	CCEOU
Educación primaria	135	2020	CCEOU
ESO	118	2020	CCEOU

Afiliacións en alta laboral	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
	1279	708	571	2021/Marzo	SS

Afiliacións en alta laboral por sectores	Dato	Período	Fonte
Agricultura e pesca	31	2021/Marzo	SS
Industria	390	2021/Marzo	SS
Construcción	103	2021/Marzo	SS
Servizos	751	2021/Marzo	SS

Nº de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social	49	2019	CT
Nº de contratos iniciais rexistrados	3555	2020	CTI

CEEI: Consellería de Economía, Emprego e Industria

CCEOU: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

CPS: Consellería de Política Social

IGE: Instituto Galego de Estatística

INE: Instituto Nacional de Estadística

Centros prestadores de servizos sociais

Variables de corte: Espazo=Pontecesures

Variables en filas: Tempo, Área

Variables en columnas: Variable, Iniciativa

	Centros				Prazas autorizadas			
	Total	Privada con ánimo de lucro	Pública	Social	Total	Privada con ánimo de lucro	Pública	Social
2020								
Total	1	0	1	0	56	0	56	0
Comunidade	0	0	0	0	0	0	0	0
Discapacidade	1	0	0	0	0	0	0	0
Familia	0	0	0	0	0	0	0	0
Igualdade	0	0	0	0	0	0	0	0
Inclusión	0	0	0	0	0	0	0	0
Infancia	1	0	1	0	56	0	56	0
Maiores	0	0	0	0	0	0	0	0
Menores	0	0	0	0	0	0	0	0

Consellería de Política Social. Explotación do Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS)

Entidades de iniciativa social

Variables de corte: Espazo=Pontecesures

Variables en filas: Entidades de iniciativa social

Variables en columnas: Tempo

	2013/II semestre	2014/II semestre	2015/II semestre	2016/II semestre	2017
Entidades de iniciativa social	9	11	14	14	15
Familia, infancia e menores	0	0	2	2	2
Minorías étnicas	0	0	0	0	0
Xuventude	5	7	7	7	7
Muller	4	4	5	5	6

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral de Relacións Institucionais

No total de Galicia, inclúense as entidades de iniciativa social que sen estar domiciliadas en Galicia, desenvollen principalmente as súas funcións nesta CCAA.

Entidades prestadoras de servizos sociais

Variables de corte: Espazo=Pontecesures

Variables en filas: Tempo, Área

Variables en columnas: Iniciativa

	Total	Privada con ánimo de lucro	Pública	Social
2020				
Total	2	0	1	1
Comunidade	1	0	1	0
Dependencia	0	0	0	0
Discapacidade	1	0	1	0
Familia	1	0	1	0
Igualdade	2	0	1	1
Inclusión	0	0	0	0
Infancia	1	0	1	0
Maiores	1	0	1	0
Menores	1	0	1	0

Consellería de Política Social. Explotación do Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS)

Os datos fan referencia ao 31 de decembro.

Número de centros de infancia, menores e de información para as mulleres

Variables de corte: Espazo=Pontecesures

Variables en filas: Tempo

Variables en columnas: Centros

	2014/II semestre	2015/II semestre	2016/II semestre	2017
Centros				
Centros de Atención á Infancia	1	1	1	1
Centros de Menores	0	0	0	0
Centros de Información ás Mulleres*	0	0	0	0

Consellería de Familia, xuventude, deporte e voluntariado. Directorio de centros: familias, xuventude, deporte, voluntariado, maiores, discapacidadeos, muller

Beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e das Axudas de Emerxencia Social (AIS) segundo sexo

Variables de corte: Espazo=Pontecesures

Variables en filas: Tempo

Variables en columnas: Beneficiarios da RISGA e das AIS, Sexo

	RISGA			AIS		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
2020	19	8	11	3	2	1

Consellería de Política Social. Información subministrada directamente.

VII. EIXOS DE ACTUACIÓN

OBXECTIVO ESTRATÉXICO

OBXECTIVOS OPERATIVOS

ACCIÓNS EXECUTABILIDADE

Seguidamente desenvólvese cada un dos eixo/áreas de intervención do Plan de Igualdade de Oportunidades de Pontecesures, cos seus correspondentes obxectivos estratéxicos, operativos e accións asociadas.

Sendo accións periféricas aquelas cuxa temporalización e/ou orzamentación pode ser flexible.

V.1. EIXO INSTITUCIONAL (I)

É preciso sinalar que o eixo institucional refírese á institución e ás persoas que nela desenvolven a súa actividade profesional ou política. Denomínase “eixo” e non “área” porque sobre él pivotan a planificación, desenvolvemento, execución, seguimento e avaliación do Plan e, polo tanto, do resto das áreas ademáis das accións recollidas no propio eixo.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO DO EIXO I:

Impulsar a nivel institucional a igualdade real e efectiva, de xeito que o Concello de Pontecesures e as persoas que nel desenvolven a súa actividade profesional sexan un exemplo na aplicación do principio de transversalidade na planificación e execución dos servizos

OBXECTIVO OPERATIVO EIXO I A.

Sensibilizar e formar ao persoal institucional en materia de igualdade de xeito que a transversalidade poida ser mellor executada a todos os niveis.

ACCIÓN :

Adopción do acordo plenario ou de xunta de goberno local sobre formación en materia de LINGUAXE E IMAXE INCLUSIVO para o persoal institucional	
Referencia	EIXO I A1
Poboación diana	Persoal institucional
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Iniciaríase no ano 2022 e avaliaríase ao finalizar o Plan
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Externalización parcial do servizo

Esixencia de formación en materia de igualdade dirixida ao persoal de empresas concesionarias de atención directa ás persoas	
Referencia	EIXO I A2
Poboación diana	Persoal de empresas concesionarias
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Responsable
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade
Outras entidades implicadas	Entidades concesionarias
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Externalización do servizo
Indicadores	Nº de horas impartidas Nº de persoas asistentes

2 **OBXECTIVO OPERATIVO EIXO I B.**

Dotar ao concello dos medios precisos para divulgar, medir, dar seguimento e avaliar a correcta execución do Plan de Igualdade.

ACCIÓNS :

Crear unha “ MESA LOCAL DE IGUALDADE” responsable de facer seguimento e avaliación continua do Plan e analizar os resultados acadados	
Referencia	EIXO I B1
Poboación diana	Membros da mesa local de Igualdade
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Responsable
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade
Outras entidades implicadas	Observatorio Municipal de Igualdade
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Recursos propios
Indicadores	Número de 24ntroduc realizadas
Observacións	A periodicidade das reunións de seguimento será non inferior a unha por anualidade

Divulgar o Plan de Igualdade, de xeito que se dea a coñecer a existencia e contido do Plan tanto entre a poboación coma entre o persoal institucional

Referencia	EIXO I B2
Poboación diana	Poboación de Pontecesures
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Responsable
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade
Outras entidades implicadas	<ul style="list-style-type: none"> • Institucións públicas • Entidades privadas
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Servizos sociais
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Nº de exemplares editados do II Plan • Nº de accións divulgativas realizadas • Grao de coñecemento do Plan a nivel institucional e entre os distintos axentes sociais

Creación do I Plan de igualdade Laboral do Concello de Pontecesures

Referencia	EIXO I B3
Poboación diana	Persoal institucional
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	bianual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade
Outras entidades implicadas	Traballadores/as do concello
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Externalización parcial do servizo
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Nº de accións divulgativas realizadas • Grao de coñecemento do Plan a nivel institucional e entre os traballadores/as do Concello

2 EIXO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ (II)

OBXECTIVO ESTRATÉXICO EIXO II:

Fomentar a participación de mulleres e homes do Concello de Pontecesures en igualdade nos diversos eidos da vida social, nomeadamente nos ámbitos públicos e de decisión.

OBXECTIVO OPERATIVO EIXO II A

Integrar a perspectiva de xénero e o principio de transversalidade no regulamento e nas prácticas de participación cidadá, impulsando a participación activa das asociacións de mulleres nos seus órganos e no debate sobre as accións de relevancia social.

ACCIÓN:

Deseño da mesa local de igualdade impulsando a 27ntroducción dunha porcentaxeparitaria de presenza de mulleres e homes nos órganos de participación cidadá	
Referencia	EIXO II A1
Poboación diana	<ul style="list-style-type: none">• Persoas participantes na mesa de igualdade• Entidades asociativas
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	As que estableza o regulamento da mesa local de igualdade
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade / todas as concellerías involucradas no desenvolvemento da mesa.
Outras entidades implicadas	<ul style="list-style-type: none">• Concellería de igualdade• Outras entidades implicadas
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Recursos propios
Indicadores	Cota de participación feminina e masculina

8 de MARZO

Promover un encontro anual das mulleres do concello de Pontecesures como estratexia de empoderamento no marco de celebración do Día Internacionaldas Mulleres

Referencia	EIXO II A2
Poboación diana	Mulleres de Pontecesures maiores de 18 anos
Carácter	Periférico
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Recursos propios
Indicadores	Nº de mulleres asistentes

Dar a coñecer e homenaxear ás mulleres do municipio e os seus logros, a través das súas obras e conquistas sociais, persoais, profesionais, artísticas, científicas, etc.

Referencia	EIXO II A3
Poboación diana	Mulleres e homes de Pontecesures
Carácter	Periférico
Seguimento e avaliación	Annual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Recursos propios
Indicadores	Nº campañas Nº exposicións, flyers etc

Organización de XORNADAS TEMÁTICAS como espazo pensado para a reflexión, o debate e a participación en materia de igualdade

Referencia	EIXO II A4
Poboación diana	Cidadanía en xeral
Carácter	Periférico
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Recursos propios
Indicadores	Nº de mulleres e nenas asistentes

OBXECTIVO OPERATIVO EIXO II B

Mellorar a presenza de mulleres nos postos directivos das entidades asociativas e promover o relevo xeracional e o traballo en rede das mesmas.

ACCIÓNS:

Deseño de cursos no Concello de Pontecesures dirixidos ás asociacións de mulleres, dando prioridade a temáticas que se poidan traducir nunha dinamización económica da zona e nichos laborais de emprendemento para mulleres

Referencia	EIXO II B1
Poboación diana	Asociacións de mulleres
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade
Outras entidades implicadas	<ul style="list-style-type: none">• Asociacións de mulleres• Outros axentes sociais
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Externalización do servizo
Indicadores	<ul style="list-style-type: none">• Asistencia de socias e non socias• Incremento do número de socias á finalización do Plan• Grao de satisfacción cos cursos• Relación dos cursos coa actividade económica
Observacións	Estes cursos poderán ter carácter compartido e /ou itinerante nos distintos locais sociais co obxecto de promover o traballo en colaboración das asociacións de mulleres. Trátase dunha acción convertible.

3. EIXO DE VIOLENCIA DE XÉNERO EN TODAS AS SÚAS MANIFESTACIÓNS (III)

OBXECTIVO ESTRATÉGICO EIXO III

Promover actuacións de sensibilización, formación, prevención, detección e intervención en materia de violencia de xénero que contribúan á súa erradicación e á implicación de toda a cidadanía na loita contra este fenómeno nas súas distintas manifestacións.

OBXECTIVO OPERATIVO III A

Sensibilizar á poboación en todos os tramos de idade no rexeitamento á violencia de xénero e traballar na súa prevención dende a formación nas idades máis novas.

ACCIÓNS:

Visibilizar respectivamente a loita pola igualdade real e contra a violencia de xénero nos actos a realizar de xeito anual o 8 de marzo e o 25 de novembro, coa implicación dos máximos axentes sociais posibles	
Referencia	EIXO III A1
Poboación diana	Poboación de Pontecesures
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Bianual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de Igualdade
Outras entidades implicadas	<ul style="list-style-type: none">• Entidades públicas• Entidades privadas• Tecido asociativo
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Segundo tipo de actividade
Indicadores	<ul style="list-style-type: none">• Actividades realizadas• Poboación beneficiaria
Observacións	Esta medida trata de establecer a necesidade de visibilizar ambas datas e fixar a súa celebración con actos reivindicativos e sensibilizadores.

Actividades formativas en materia de sensibilización sobre violencia de xénero e micromachismos dirixidas á poboación adolescente	
Referencia	EIXO III A2
Poboación diana	Poboación adolescente dos centros educativos de secundaria do concello de Pontecesures
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Bianual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade / Concellería de xuventude/ Concellería de educación
Outras entidades implicadas	Centros educativos
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Recursos propios Externalización parcial do servizo
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Nº de actividades realizadas • Nº de mozos e mozas que reciben a actividades
Observacións	Trátase dunha actividade convertible, dado que pode ser realizada dende actividades realizadas en Xuventude ou no centro de ensino secundario.

OBXECTIVO OPERATIVO III B

Traballar nas áreas de detección e intervención en materia de violencia de xénero, poñendo os recursos necesarios para que os diferentes colectivos poidan actuar de xeito coordinado e eficaz.

ACCIÓNS

Realización das actividades de información e formación pertinentes dirixidas ao persoal involucrado no protocolo de detección e intervención contra a violencia de xénero.	
Referencia	EIXO III B1
Poboación diana	Persoal involucrado no protocolo de distintos organismos e entidades
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	<ul style="list-style-type: none">• Concellería de igualdade• Todas as Concellerías
Outras entidades implicadas	Entidades implicadas no desenvolvemento do protocolo
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Recursos propios
Indicadores	<ul style="list-style-type: none">• Nº de actividades de información realizadas• Nº de actividades formativas realizadas• Grao de Presenza de colectivos involucrados

**Facilitar a autonomía persoal das mulleres vítimas de violencia de xénero
Reforzo do servizo de apoio á orientación laboral de vítimas de violencia de
xénero e mulleres en situación de vulnerabilidade**

Referencia	EIXO III B2
Poboación diana	Mulleres vítimas de violencia de xénero ou en situación de vulnerabilidade
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	<ul style="list-style-type: none"> • Concellería de igualdade
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Recursos propios
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Número de usuarias • Mellora laboral das usuarias

**Dar prioridade ás vítimas de violencia de xénero e fillos/as no acceso a
programas que se realicen dende Servizos Sociais**

Referencia	EIXO III B3
Poboación diana	<ul style="list-style-type: none"> • Mulleres vítimas de violencia de xénero • Fillos/as de mulleres vítimas de violencia de xénero
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	<ul style="list-style-type: none"> • Concellería de igualdade
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Número de usuarias

4. EIXO DE BENESTAR INTEGRAL E CALIDADE DE VIDA (IV)

OBXECTIVO ESTRATÉGICO DO EIXO IV:

Favorecer o benestar integral das mulleres , entendendo este como o benestar físico e psíquico, e a cobertura das súas necesidades, redundando na mellora da súa calidade de vida

OBXECTIVO OPERATIVO IV A:

Fomentar a realización de actividades culturais e lúdicas por parte das mulleres nos distintos tramos de idade e introducir criterios de xénero na planificación destas actividades.

ACCIÓNS:

Introducir na información da oferta cultural municipal (dípticos, páxina web, etc) imaxes e mensaxes inclusivos que indiquen que as actividades culturais non se dirixen a varóns ou a mulleres senón que son de carácter mixto, e contribúan a erradicar estereotipos de xénero asociados ás actividades culturais.

Referencia	EIXO IV A1
Poboación diana	Poboación do Concello de Pontecesures
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	bianual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de cultura , Concellería de igualdade
Outras entidades implicadas	Entidades implicadas no desenvolvemento do protocolo
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Incluído nos propios servizos encargados da difusión da oferta cultural
Indicadores	<ul style="list-style-type: none">• N° de dípticos e mensaxes• Variación proporción mulleres/homes

Realización de actividades culturais relacionadas coa igualdade , indicando de xeito explícito este carácter

Referencia	EIXO IV A2
Poboación diana	Poboación asistente a espectáculos culturais do concello de Pontecesures
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Bianual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de cultura , Concellería de igualdade
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Dentro da programación habitual
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Realización das actividades

**Programas de información específicos sobre a saúde feminina
(Menopausa, cancro de mama e colo uterino, recuperación do solo pélvico..)**

Referencia	EIXO IV A3
Poboación diana	Mulleres do concello de Pontecesures
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Bianual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de Sanidade , Concellería de igualdade
Outras entidades implicadas	Tecido asociativo
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Dentro da programación habitual
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Realización das actividades

OBXECTIVO OPERATIVO IV B:

Fomentar a realización de actividades de carácter deportivo e de benestar por parte das mulleres nos distintos tramos de idade do seu ciclo vital e introducir criterios de igualdade na planificación destas actividades, loitando contra os estereotipos de xénero asociados á práctica deportiva.

ACCIÓNS:

Introducir na información da oferta deportiva municipal do concello (dípticos, páxina web, etc) imaxes e mensaxes que indiquen que os deportes son de carácter mixto e contribúan a erradicar estereotipos de xénero asociados á actividade deportiva

Referencia	EIXO IV B1
Poboación diana	Poboación do concello de Pontecesures
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	<ul style="list-style-type: none">• Concellería de igualdade• Concellería de deportes
Outras entidades implicadas	--
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Incluído nos propios servizos encargados da difusión da oferta deportiva
Indicadores	<ul style="list-style-type: none">• Nº de dípticos que incorporan imaxes e mensaxes no sentido que indica a acción• Variación na proporción de homes e mulleres que participan das actividades deportivas polarizadas por xénero

**Desenvolvemento de cursos de envellecemento activo (ximnasia, ioga e memoria)
que promoven actitudes e hábitos saudables de vida e autocoidados.**

Referencia	EIXO IV B2
Poboación diana	Mulleres maiores de 50 anos
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	<ul style="list-style-type: none"> • Concellería de igualdade • Concellería de Deporte
Outras entidades implicadas	--
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	<ul style="list-style-type: none"> • Recursos propios • Externalización parcial do servizo
Indicadores	Nº de persoas asistentes e % de mulleres Autopercepción do impacto na saúde e no benestar
Observacións	Trátase dunha acción convertible, en función dos resultados as temáticas poden variar.

Visibilizar a participación da muller no deporte, a través de encontros, charlas , faladoiros, proxeccións, etc.

Referencia	EIXO IV B3
Poboación diana	Mulleres do Concello Mulleres deportistas do Concello
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	<ul style="list-style-type: none"> • Concellería de igualdade • Concellería de Deporte
Outras entidades implicadas	Equipos deportivos Mulleres deportistas
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	<ul style="list-style-type: none"> • Recursos propios • Externalización parcial do servizo
Indicadores	Nº de persoas encontros, charlas ,faladoiros,...
Observacións	Trátase dunha acción convertible, en función dos resultados as temáticas poden variar.

5. EIXO DE IGUALDADE NO PROCESO EDUCATIVO (V)

OBXECTIVO ESTRATÉGICO EIXO V:

Potenciar as actuacións encamiñadas a introducir o principio de igualdade dende as idades máis temperás e en todos os procesos educativos, tanto formais coma non formais .

OBXECTIVO OPERATIVO V A:

Introducir o principio de igualdade no proceso educativo formal, realizando actividades nos centros encamiñadas a erradicar estereotipos de xénero e avanzar cara a igualdade e a corresponsabilidade, e traballando tamén co resto de membros da comunidade educativa.

ACCIÓNS:

Obradoiros de corresponsabilidade e autonomía persoal para alumnos de educación primaria e secundaria de Pontecesures	
Referencia	EIXO V A1
Poboación diana	Poboación adolescente do concello de Pontecesures
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	<ul style="list-style-type: none">• Concellería de Igualdade• Concellería de Educación
Outras entidades implicadas	Centro educativo
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Externalización do servizo
Indicadores	<ul style="list-style-type: none">• N^o de nenos e nenas beneficiados• Demanda dos centros• Valoración dos centros

Obradoiros de coeducación realizando os programas formativos pertinentes dirixidos a alumnado, profesorado e familias

Referencia	EIXO V A2
Poboación diana	Comunidade educativa no concello de Pontecesures
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	<ul style="list-style-type: none"> • Concellería de igualdade • Concellería de educación
Outras entidades implicadas	<ul style="list-style-type: none"> • Centros educativos • ANPAs
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Externalización do servizo
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Nº de persoas asistentes • Grao de satisfacción

Ampliar os fondos bibliográficos e documentais na biblioteca municipal e centros educativos sobre temática feminista e contra os estereotipos de xénero

Referencia	EIXO V A3
Poboación diana	Usuarios da biblioteca e comunidade educativa no concello
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	<ul style="list-style-type: none"> • Concellería de igualdade • Concellería de educación
Outras entidades implicadas	<ul style="list-style-type: none"> • Centros educativos • ANPAs
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Externalización do servizo
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Nº de exemplares

OBXECTIVO OPERATIVO V B:

Poñer a disposición das mulleres recursos formativos ao longo do seu ciclo vital, que lles permitan formarse e a un tempo adquirir habilidades sociais e potencialmente profesionais dende unha perspectiva de xénero.

ACCIÓNS:

Cursos de alfabetización nas novas tecnoloxías da información e da comunicación, entre as asociacións de mulleres, ofertando cursos breves de redes sociais, fotografía dixital e sistemas de comunicación por videoconferencia gratuitos.	
Referencia	EIXO V B1
Poboación diana	Mulleres de 16 a 60 anos do concello de Pontecesures
Carácter	Periférico
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	<ul style="list-style-type: none">• Concellería de igualdade
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Externalización do servizo
Indicadores	<ul style="list-style-type: none">• Nº de persoas asistentes desagregado por sexo grao de satisfacción
Observacións	Trátase dunha acción convertible nos seus contidos, na medida en que o presente plan recolle as demandas das asociacións, que poden mudar ou ser modificadas por criterios técnicos.

OBXECTIVO OPERATIVO V C:

Traballar a prol da educación afectivo-sexual en igualdade, promovendo relacións de parella igualitarias e unha vivencia da sexualidade san, formada e informada.

ACCIÓNS:

Obradoiros de educación afectivo-sexual dirixidos a adolescentes, incluíndo referencias a temas de orientación sexual e relacións de parella igualitarias	
Referencia	EIXO V C1
Poboación diana	Poboación adolescente do Concello de Pontecesures
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	<ul style="list-style-type: none">• Concellería de Igualdade• Concellería de Educación• Concellería de Xuventude• Concellería de Sanidade
Unidade transversalizadora	Servizos sociais e colaboración co SPAD de referencia
Execución	Externalización parcial do servizo
Indicadores	<ul style="list-style-type: none">• Nº de persoas asistentes desagregado por sexo grao de satisfacción
Observacións	Dende o persoal docente demándase que esta acción se inicie a idades máis novas.

Recompilación de mitos sobre o sexo (a anticoncepción, o aborto, a menstruación, a orientación sexual...) de distintas xeracións para debatir nos “Faladoiros” coa colaboración de persoal sanitario e nos obradoiros de saúde afectivo-sexual do centro educativo	
Referencia	EIXO V C2
Poboación diana	<ul style="list-style-type: none"> • Mulleres maiores de 18 anos asistentes aos “Faladoiros” • Poboación adolescente dos centros educativos do concello
Carácter	Periférico
Seguimento e avaliación	Bianual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade
Outras entidades implicadas	<ul style="list-style-type: none"> • Asociacións de mulleres • Persoal sanitario • Centro educativo
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Recursos propios
Indicadores	Mitos recollidos na asistencia ao “Faladoiro” nos que se debaten

**Xornadas sobre prevención do acoso sexual a través das novas tecnoloxías
dirixido o centro educativo e a nais e pais de adolescentes do Concello de
Pontecesures**

Referencia	EIXO V C3
Poboación diana	<ul style="list-style-type: none"> - Poboación adolescente do centro educativo do concello de Pontecesures - Pais e Nais de adolescentes do Concello
Carácter	Periférico
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade
Outras entidades implicadas	<ul style="list-style-type: none"> • Centro educativo • Pais, nais e ANPAS
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Recursos propios
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> - Cuestionarios de avaliación dos adolescentes asistentes as xornadas - Cuestionarios de avaliación dos pais e nais asistentes a xornada

6. EIXO DE EMPREGO, CONCILIACIÓN E XESTIÓN DOS TEMPOS (VI)

OBXECTIVO EIXO VI A:

Traballar a prol da igualdade no emprego, sensibilizando as mulleres e ao empresariado das vantaxes da igualdade e erradicando os estereotipos de xénero nesta materia.

ACCIÓNS:

Difundir recursos e acción vinculados á muller e ao mercado laboral a través de guías e documentos	
Referencia	EIXO VI A1
Poboación diana	Mulleres do Concello de Pontecesures
Carácter	Periférico
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade Concellería de Economía e Emprego
Outras entidades implicadas	Entramado asociativo do Concello
Unidade transversalizadora	Servizos sociocomunitarios
Execución	Externalización do servizo
Indicadores	<ul style="list-style-type: none">Nº de documentos informativos difundidos

Achegar ao empresariado do Concello de Pontecesures, información acerca da normativa relacionada coa igualdade no emprego

Referencia	EIXO VI A2
Poboación diana	Empresariado do Concello de Pontecesures
Carácter	Periférico
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade Concellería de Economía e Emprego
Outras entidades implicadas	Asociacións de comerciantes e empresariado
Unidade transversalizadora	Servizos sociocomunitarios
Execución	Externalización do servizo
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Nº de documentos informativos enviados • Consultar a empresas clave despois do envío

Xornadas e accións informativas sobre lexislación , orientación laboral e procura de emprego, dirixidas a mulleres, con especial atención ás mulleres vulnerables

Referencia	EIXO VI A3
Poboación diana	Mulleres en xeral e mulleres vulnerables do Concello de Pontecesures
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade Concellería de Emprego
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Externalización do servizo
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • N° de asistentes • N° de xornadas • Grao de satisfacción

OBXECTIVO OPERATIVO VI B:

Poñer a disposición dos homes e mulleres do Concello de Pontecesures os recursos imprescindibles para conciliar a vida profesional, persoal e familiar, particularmente relevantes no caso das mulleres, sobre quen segue a recaer aínda de xeito non igualitario a carga dos traballos domésticos e de coidado.

ACCIÓNS:

Obradoiro “Coidando ó coidador” de atención e reforzo psicolóxico para coidadores profesionais e non profesionais de persoas dependentes	
Referencia	EIXO VI B1
Poboación diana	Mulleres coidadoras do Concello de Pontecesures a partir de 18 anos
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Bianual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Externalización do servizo
Indicadores	<ul style="list-style-type: none">• N^o de asistentes• Grao de satisfacción

Garantir a permanencia e consolidación dos servizos de actividades extraescolares como acción indispensable para a conciliación da vida familiar, persoal e profesional

Referencia	EIXO VI B2
Poboación diana	<ul style="list-style-type: none"> • Nenos e nenas en idade escolar • Familias
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	<ul style="list-style-type: none"> • Concellería de igualdade • Concellería de educación
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Externalización do servizo
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Demanda real • Demanda potencial

Garantir a permanencia e consolidación dos servizos de escolas infantís de 0 a 3 anos no concello de Pontecesures como acción indispensable para a conciliación da vida familiar, persoal e profesional

Referencia	EIXO VI B3
Poboación diana	<ul style="list-style-type: none"> • Nenos e nenas de 0 a 3 anos • Familias
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	<ul style="list-style-type: none"> • Concellería de igualdade • Concellería de educación
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Externalización do servizo
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Demanda real • Demanda potencial

Continuar cos servizos de conciliación para a vida familiar e laboral no Concello

Referencia	EIXO VI B4
Poboación diana	Mulleres e homes do Concello de Pontecesures
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Recursos propios Externalización do servizo
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Nº de asistentes • Grao de satisfacción

7. EIXO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (VII)

OBXECTIVO ESTRATÉGICO DO EIXO:

Reforzar as actuacións dirixidas a mulleres pertencentes a colectivos en situación de especial vulnerabilidade, atendendo á súa diversidade

OBXECTIVO OPERATIVO EIXO VII A

Aunar esforzos para fomentar a inclusión das persoas con diversidade funcional, atendendo ás súas necesidades especiais dende o punto de vista da igualdade.

Creación circular informativa sobre o traballo das persoas con diversidade funcional

Referencia	EIXO VII A1
Poboación diana	Mulleres con diversidade funcional
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de Igualdade
Outras entidades implicadas	Asociacións de persoas con diversidade funcional comarcal, autonómicas e nacional
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Externalización do servizo
Indicadores	<ul style="list-style-type: none">• N^o de persoas asistentes• Grao de satisfacción das entidades

OBXECTIVO OPERATIVO EIXO VII B

Introducir e reforzar as temáticas de igualdade tendo en conta as necesidades e peculiaridades das distintas nacionalidades e etnias, incidindo na igualdade como valor fundamental por riba de toda tradición cultural.

Xornada multicultural en materia de igualdade coa participación de mulleres do Concello de Pontecesures	
Referencia	EIXO VII B1
Poboación diana	Mulleres de Pontecesures de distintas nacionalidades
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Bianual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de Igualdade
Unidade transversalizadora	Servizos sociocomunitarios
Execución	Recursos propios
Indicadores	% de mulleres nacionalidades representadas

OBXECTIVO OPERATIVO EIXO VII C

Establecer accións encamiñadas á mellora da inclusión social e laboral das mulleres vulnerables en risco de exclusión social, mellorando as súas destrezas e habilidades endiversas materias.

Obradoiros de busca de emprego a través das novas tecnoloxías dirixidos a perceptoras do RISGA e mulleres vulnerables	
Referencia	EIXO VII C1
Poboación diana	Persoas perceptoras da RISGA e persoas vulnerables
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de Igualdade
Unidade transversalizadora	Servizos sociais
Execución	Externalización do servizo
Indicadores	<ul style="list-style-type: none">• Nº de mulleres asistentes• Avaliación por parte do persoal técnico da evolución acadada polas asistentes
Observacións	O Concello de Pontecesures conta actualmente con 19 beneficiarios/as RISGA

VIII. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación do III Plan de igualdade de oportunidades de Pontecesures terá as seguintes ferramentas:

Realizarase un seguimento periódico das actividades recollidas neste Plan, así como de posibles incidencias en materia de igualdade por parte da concellería de igualdade.

Este plan busca alcanzar dous obxetivos, por un lado relanzar e dotar de contidos en materia de igualdade de xénero ao Concello de Pontecesures, e por outro, dar seguimento a este plan de xeito institucional.

A periodicidade das reunións de seguimento non será inferior a unha cada anualidade. Dentro das actuacións recollidas neste Plan, contemplarase a necesidade de introducir nas ferramentas informáticas os datos desagregados por sexo e outros indicadores que faciliten a posterior avaliación de este Plan.

Cada obxectivo operativo do Plan contará cos seus correspondentes indicadores de eficiencia e impacto, tanto a nivel cuantitativo como cualitativo, perseguindo de novo o obxectivo de facilitar a avaliación.

O ámbito temporal do Plan de Igualdade, segundo convenio ou acordo, estenderase desde a súa aprobación polo órgano competente ata un prazo non superior a catro anos (art. 9 Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro)

Sen prexuízo dos prazos de revisión que poidan contemplarse de maneira específica, e que haberán de ser coherentes co contido das medidas e obxectivos establecidos, a norma obriga á revisión dos plans de igualdade, en todo caso, cando concorran as seguintes circunstancias:

- a) Cando deba facerse como consecuencia dos resultados do seguimento e avaliación.
- b) Cando se poña de manifesto a súa falta de adecuación aos requisitos legais e regulamentarios
- c) Cando unha resolución xudicial condene ao Concello de Pontecesures por discriminación directa ou indirecta por razón de sexo ou cando determine a falta de adecuación do plan de igualdade aos requisitos legais ou regulamentarios.

Dado que o Plan de igualdade ten unha vixencia de catro anos subdivididos en dúas etapas anuais, realizaranse coa axuda das ferramentas anteriormente citadas, dúas avaliacións:

- Unha avaliación intermedia aos dous anos de execución do Plan, que recolla liñas de mellora concretas para a execución da planificación restante.
- Unha avaliación final que dea conta dos resultados obtidos e indique as propostas e liñas de traballo para o seguinte Plan, ou as modificacións correspondentes no caso da prorrogación do vixente.

Tal e como se indicou nos fundamentos do Plan, unha das características principais deste documento é a estruturalidade e normatividade. Así, o que se persegue é reflectir na regulamentación das modificacións e potenciais prórrogas do documento, que quedan normativizadas do seguinte xeito:

- As modificacións a realizar como avaliación intermedia deberá proceder dun acordo tomado en Xunta de Goberno Municipal do Concello e cun informe motivado das devanditas modificacións.



 **DEPUTACIÓN**
PONTEVEDRA



CONCELLO DE PONTEVEDRA